



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA CATRO DE ABRIL DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D ^a . MARGARITA DEvesa CARDELLE D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
Escusa asistencia	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as trece horas e dez minutos do día catro de abril de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e seis de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 201200000000349 de dona María Isabel Lobato Cutrín.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vilanova, solicita licenza para a construción dun soportal nunha vivenda unifamiliar situada en Galegos, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta: nº Plantas B; Altura máxima da cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Antonio Sabucedo Costa cun orzamento de 2.500,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).



2.2.- Instancia núm. 201200000000386 de don Jesús Ferro Louzao.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a construción dun cerramento con base de bloques, postes e arame, en dous tramos de aproximadamente 20 m. e 25 m. de lonxitude, no lugar de Quintáns, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 m. de distancia dende o vial; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e oito euros (#28,00#).

2.3.- Instancia núm. 201200000000228 de don Víctor Fernández Albela.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a construción dun soportal na vivenda e acabados exteriores da mesma, situada en Sarandón nº 37, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2), cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; nº Plantas B. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior ao 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Javier Fernández Echeverría cun orzamento de 38.146,88 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado e en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setecentos sesenta e dous euros con noventa e catro céntimos (#762,94#).

2.4.- Instancia núm. 201100000002002 de don José Manuel Barreiro Costa.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, expón que con data 29/10/2007 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Paradela nº 70, (licenza número 117/2007), e que



rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros, xa ingresadas nas arcas municipais.

3º.- Acordo, se procede, sobre declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total de edificacións

3.1.- Instancia núm. 219/2012 de don José Mosquera Pazos

Dáse conta da citada instancia na que o interesado con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total para a súa vivenda situada no lugar de Sete nº 23, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo arquitecto técnico don Carlos Uzal Cabanas.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total a vivenda situada no número 23 do lugar de Sete -Santa Cruz de Ribadulla nos termos da documentación presentada para os efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de mil setecentos noventa e oito euros con noventa e dous céntimos (#1.798,92#).

3.2.- Instancia núm. 311/2012 de don Luís García Rey

Dáse conta da citada instancia na que o interesado con domicilio en Vedra, solicita a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total para a súa vivenda situada no lugar de Manteles de Abaixo nº 9, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo arquitecto don Jesús Estévez Loureiro.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total a vivenda situada no número 9 do lugar de Manteles de Abaixo -Santa Baía de Vedra nos termos da documentación presentada para os efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior.



Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil douscentos cincuenta e un euros con cincuenta e sete céntimos (#1.251,57#).

4º.- Acordo, se procede, sobre clasificación das ofertas presentadas para o contrato de servizos de atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova – Vedra.

Con data 06/03/2012 a Xunta de Goberno Local aprobou o prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a adxudicación do contrato de servizos consistente na atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova -Vedra, mediante procedemento negociado sen publicidade, publicándose as mesmas no perfil do contratante (www.concellodevedra.com).

Visto que por Resolución da Alcaldía de data 16/03/2012 se aprobou o expediente de contratación, autorizouse o gasto e acordouse solicitar ofertas a candidatos, presentándose en prazo as ofertas que constan no expediente.

Á vista das puntuacións obtidas polos candidatos en función dos criterios establecidos na cláusula novena do prego, de acordo co establecido no artigo 151 e na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado pro R.D.L. 3/2011, do 14 de novembro, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Clasificar as proposicións presentadas polos licitadores, atendendo á proposta feita pola Mesa de Contratación, de conformidade co seguinte orde decrecente:

- 1.- PILAR SUÁREZ BARREIRO: 13,50 puntos.
- 2.- M^a. TERESA CAMPELO SENDE : 1,50 puntos.
- 3.- ADRIANA ESTÉVEZ BARROS: 0,50 puntos.
- 4.- LUCÍA OTERO CUTRÍN : rexeitase a súa proposta ao ofertar un prezo por encima do tipo.

Segundo.- Notificar e requirir a Pilar Suárez Barreiro, candidato que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presente no prazo de dez días a contar dende o seguinte ao que reciba o requirimento, a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a demostración diso.

b) De dispor efectivamente dos medios que comprometeu dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2.

c) Resgardo de ter constituído a garantía definitiva (5% do importe : 652,55 euros).

5º.- Acordo, se procede, sobre do PEIM RURAL.

Ante a notificación efectuada pola Consellería do Medio Rural e do Mar, de realizar con cargos aos seus orzamentos as obras de infraestruturas rurais (Proxectos Estratéxicos de Infraestrutura no Medio Rural - PEIM RURAL), consistentes en *Mellora camiño en Sarandón*



(Sarandón); camiño de Cimadevila, Acondicionamento camiño en Laraño (San Xián de Sales) e acondicionamento camiño en Trasariz (San Fins de Sales).

A Xunta de Goberno acorda:

Manifestar a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación e comprometése a:

1º.- A posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo a/s obra/s.

2º.- A renuncia expresa a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia.

3º.- Asumir, unha vez recibidas as obras provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación das mesmas.

4º. Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto.

5º.- Manifestación expresa do compromiso de que as obras non se someterán a ningunha modificación importante dende a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no referido artigo 72 P1 do Regulamento (C.E) 1698/2005, do 20 de setembro, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes:

-Que afecten á súa natureza ou ás súas condicións de execución.

-Que resulten, ben dun cambio de natureza do réxime da propiedade dunha determinada infraestrutura, ben da interrupción ou do cambio de localización dunha actividade produtiva.

Ademais o concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido por dito concello.

Antes da execución da obra e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, o Concello deberá acreditar a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e cinco de marzo do ano que andamos, pola que tendo en conta a necesidade de continuar co servizo para poder ofertar unha nova remesa de cursos e rematar os que xa están iniciados, dado o volume de pedimentos por parte dos alumnos para a súa continuidade e observando o grado de adaptación ao posto de traballo da actual docente, ordénase a prórroga do contrato de dona Yolanda López Bouzón como docente-profesora de informática dende o 26/03/2012 ao 15/05/2012.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e seis de marzo do ano que andamos, pola que á vista de denuncia presentada comunicaselle aos propietarios de parcelas sitas en Cornado -San Fins de Sales, que deben proceder á limpeza das mesmas e mantelas en



condicións de seguridade, salubridade e outras segundo establece o artigo 9.1b) da citada Lei 9/2002, de 30 de decembro.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7º.- Outros asuntos

7.1.- Adhesión á Declaración de Galicia saudable.

Considerando que o fomento da actividade física e a adopción dun estilo de vida activo por parte de todas as persoas é unha das claves para garantir o benestar e unha mellor calidade de vida dende a infancia ata a vellez; que a práctica insuficiente de actividade física é un problema de saúde pública de primeira magnitude, que representa un gran custe en termos de perda de calidade de vida e de gastos de atención sanitaria e social, e que o sedentarismo é unha característica propia das sociedades modernas, polo que, recuperar un estilo de vida activo e integralo na nosa vida cotiá é un reto extraordinario complexo porque require un profundo cambio cultural, a Xunta de Goberno acorda adherirse á Declaración de Galicia Saudable e comprometerse a:

1º.- Participar activamente no Plan Galicia Saudable e integrarse na rede de actores institucionais e sociais constituída co obxectivo de fomentar un estilo de vida activo na poboación de Galicia.

2º.- Colaborar e interactuar con outros actores institucionais e sociais na marcha de actividades dirixidas ao fomento da actividade física entre os diferentes grupos na poboación galega.

3º.- Apoiar e impulsar as actividades que se desenvolvan no marco do Plan Galicia Saudable, e poñer á disposición desta iniciativa as nosas redes e recursos para potenciar a súa difusión e impacto.

4º.- Contribuír ao desenvolvemento do Portal Galicia Saudable (<http://galiciasaudable.xunta.es>) e da aplicación GaliciaActiva (<http://galiciaactiva.xunta.es>) e participar na elaboración dun inventario detallado das instalacións e espazos, actividades e servizos que temos no territorio de Galicia para a práctica regular de actividade física.

5º.- Ter presente nas nosas decisións e actuacións a importancia de fomentar e facilitar as oportunidades para que as persoas poidan gozar dun estilo de vida fisicamente activo e, ao mesmo tempo, adoptar medidas positivas para promover a práctica regular de actividade física saudable no seo da nosa organización.

7.2.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

7.2.1.- Escrito núm. 451/12 de don José Neira Rodríguez.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 55%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

7.3.- Solicitud de subvención para a contratación de socorristas.

Dáse conta da convocatoria da Deputación Provincial do programa de socorrismo dirixido aos concellos da provincia, anualidade 2012 (BOP núm. 64/12, do 2 de abril)

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda para o sostemento dos gastos de contratación de socorristas para a piscina municipal por importe de tres mil (#3.000,00#) euros.

Conclúe ao fío das trece horas e corenta e cinco minutos.